

I. DISPOSICIÓNS XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

13724 *Real decreto lei 17/2013, do 27 de decembro, polo que se determina o prezo da enerxía eléctrica nos contratos suxeitos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor no primeiro trimestre de 2014.*

En xullo de 2013 iniciouse a tramitación dun paquete normativo que afecta fundamentalmente a parte regulada das actividades destinadas á subministración eléctrica. Ademais, o Goberno vén traballando na reforma do funcionamento do mercado de produción coa finalidade de garantir unha maior transparencia, competencia e liquidez na fixación dos prezos da subministración eléctrica.

A existencia dun mercado competitivo e os mecanismos adecuados de formación do prezo resultan imprescindibles para asegurar que a adquisición de enerxía eléctrica por parte dos consumidores se realiza coas debidas garantías de competencia e transparencia.

No artigo 17 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, régulanse os aspectos relativos aos prezos voluntarios para o pequeno consumidor e tarifas de último recurso. Así, defínense os prezos voluntarios para o pequeno consumidor como os prezos máximos que poderán cobrar os comercializadores que, a teor do previsto na alínea f) do artigo 6, asuman as obrigas de subministración de referencia, a aqueles consumidores que, de acordo coa normativa vixente, cumpran os requisitos para que lles resulten de aplicación.

Así mesmo, defínense as tarifas de último recurso como aqueles prezos de aplicación a categorías concretas de consumidores de acordo co disposto na citada lei e a súa normativa de desenvolvemento. Establécese que as ditas tarifas de último recurso resultarán de aplicación aos consumidores que teñan a condición de vulnerables, e a aqueles que, sen cumpriren os requisitos para a aplicación do prezo voluntario para o pequeno consumidor, transitoriamente non dispoñan dun contrato de subministración en vigor cun comercializador en mercado libre.

O prezo voluntario ao pequeno consumidor substitúe as tarifas de último recurso existentes ata a aprobación da nova lei, cuxa regulación se establecía tanto no Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, como na Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica. Neste momento existen aínda máis de 16 millóns de consumidores acollidos á tarifa de último recurso.

No artigo 7 do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, polo que se regula a posta en marcha da subministración de último recurso no sector da enerxía eléctrica, fíxase a metodoloxía de cálculo e revisión das tarifas de último recurso, dispoñendo, respecto diso, que o ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará as disposicións necesarias para o establecemento destas tarifas de último recurso e determinará a súa estrutura de forma coherente coas peaxes de acceso.

A Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, desenvolve as previsións do citado artigo 7 do Real decreto 485/2009, do 3 de abril, establecendo a estrutura das tarifas de último recurso aplicables aos consumidores de baixa tensión con potencia contratada ata 10 kW e as súas peaxes de acceso correspondentes.

Así mesmo, fixa o procedemento de cálculo do custo de produción de enerxía eléctrica que incluírán as anteriores tarifas de último recurso, que actualmente pasan a ser os prezos voluntarios ao pequeno consumidor de acordo coa Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico. O artigo 17.2 desta lei sinala que o custo de produción se debe determinar con base en mecanismos de mercado atendendo ao prezo medio previsto no mercado de produción durante o período que regulamentariamente se determine e que será revisable de forma independente á do resto de conceptos do prezo voluntario para o pequeno consumidor.

Ata a data, o citado custo de produción veuse estimando a partir do método de cálculo previsto na normativa de aplicación tomando como referencia o resultado da poxa que para ese efecto se celebraba. Estas poxas, denominadas poxas CESUR, están reguladas na Orde ITC/1601/2010, do 11 de xuño, pola que se regulan as poxas CESUR a que se refire a Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, para os efectos da determinación do custo estimado dos contratos grosistas para o cálculo da tarifa de último recurso.

Este é un mecanismo de contratación a prazo, actualmente para un horizonte trimestral, no cal participan os comercializadores de último recurso como adquirentes de enerxía eléctrica para a subministración aos consumidores acollidos á referida tarifa de último recurso.

O pasado 19 de decembro de 2013 celebrouse a vixésimo quinta poxa CESUR, na cal o custo dos contratos grosistas con entrega no bloque de base para o primeiro trimestre de 2014 resultou ser de 61,83 euros/MWh, e o custo dos contratos grosistas con entrega no bloque de punta para o primeiro trimestre de 2014 resultou ser de 67,99 euros/MWh. Estes resultados determinaban para o produto base, que ten unha maior ponderación no cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor, un incremento de case o 30 por cento respecto do trimestre anterior, situación que no pasado nunca se produciu.

Tanto o artigo 6 da Orde ITC/1601/2010, do 11 de xuño, como o artigo 14.1 da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, establecen que a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, como entidade supervisora das poxas, deberá emitir, no prazo de 24 horas desde a finalización da poxa, un pronunciamento sobre a validación dos resultados. No cumprimento das ditas previsións normativas, o 20 de decembro de 2013 emitiuse un pronunciamento polo cal se declaraba que non procedía validar os resultados da referida vixésimo quinta poxa CESUR á vista das seguintes consideracións:

«– Un volume cualificado agregado antes de se iniciar a poxa inferior nun 11,5 % ao doutras poxas con volume poxado similar (22.^a e 24.^a CESUR), o que supón unha ratio de elixibilidade (volume cualificado/volume poxado) un 10,4 % inferior á das ditas poxas.

– Retiradas de volume agregado por rolda superiores en termos relativos ás acontecidas nas poxas 22.^a e 24.^a, en especial, na primeira rolda (superior nun 55 % á media das retiradas na primeira rolda das ditas poxas).

– Un coñecemento por parte dos axentes, en roldas moi temperás, do exceso de oferta en tramos inferiores ao tramo cego (superior ao 200 % de exceso). Concretamente, por primeira vez ao finalizar a rolda 3, os axentes souberon que se atopaban cun exceso de oferta inferior ao 200 %, saltando dous tramos ata o rango de 150-175 % de exceso, algo que non se producira antes do final da rolda 5 nas poxas celebradas desde 2010.

– Como consecuencia, a 25.^a poxa finalizou na rolda 7, sendo a rolda de peche máis temperá de todas as poxas CESUR celebradas, que en ningún caso pecharon antes da rolda 12.

Así mesmo, o prezo do produto base resultante da poxa CESUR (61,83 €/MWh) alcanzou diferenzas superiores a un 7 % con respecto ás referencias de prezos dos contratos equivalentes nos mercados OTC (57,67 €/MWh) e OMIP (57,55 €/MWh) o día anterior ao da poxa. Esta diferenza entre o prezo do produto base poxado en CESUR e as referencias dos mercados a prazo foi a máis elevada das rexistradas nas últimas dez poxas, cuxo diferencial non superou en ningún caso o 2 %.

Tales circunstancias e as restantes concorrentes deben ser obxecto de ulterior investigación por parte deste organismo.

Adicionalmente, todo o anterior se enmarca nun contexto de prezos elevados no mercado *spot* de electricidade. En concreto, desde o día 2 de decembro de 2013 os prezos no mercado grosista *spot* incrementáronse ata alcanzar os 80-90 €/MWh, chegando a niveis non rexistrados no mercado ibérico de electricidade (MIBEL), zona española, desde o ano 2002, o que representa un incremento dun 60-70 % con respecto á semana anterior, cuxo prezo se situaba aproximadamente nos 50 €/MWh. Este marco prodúcese no seguinte contexto:

- Un escenario de reducida produción eólica que se mantivo durante tres semanas. En concreto, en decembro a produción eólica foi un 30 % inferior ao mesmo período do ano anterior. Respecto ao mes de novembro, a produción eólica foi en valor medio diario un 49 % inferior.

- Unha elevada indispoñibilidade dalgúñas centrais de xeración, que alcanzou no mes de decembro máis de 6.000-8.000 MW indispoñibles cando no mesmo período do ano anterior se rexistraron 2.000-4.000 MW. En concreto, no período analizado estiveron indispoñibles ata 4 grupos nucleares (dos 8 existentes), por unha potencia de ata 3.510 MW, un 46 % da potencia nuclear instalada no sistema eléctrico español, entre 541 e 2.367 MW de instalacións de carbón, entre 1.215 e 2.410 MW de instalacións de ciclo combinado de gas, e entre 1.215 e 2.361 MW de instalacións hidráulicas.

- Unha elevada demanda de electricidade e unha elevada demanda de gas natural convencional, motivado por reducidas temperaturas rexistradas neste período.

Todo iso provocou o funcionamento de centrais de gas que previamente era practicamente nulo, téndose producido un cambio na tecnoloxía marxinal ao pasarse do carbón ao gas natural. Este cambio de tecnoloxía marxinal supuxo un incremento de custos dun 50 %. Adicionalmente, a escaseza de gas natural na península ibérica levou a un incremento dos prezos de gas nesta zona dun 16 % en decembro con respecto ao mes anterior.

Tendo en conta que o primeiro trimestre é habitualmente un período de alta produción eólica (estimado en termos medios nun 20 % superior a decembro 2013) e reducida indispoñibilidade (entre 4.000 e 6.000 MW menos que en decembro), considérase que o escenario rexistrado no mercado *spot* durante o mes de decembro non debería ser directamente extrapolable ao primeiro trimestre de 2014, en particular, ás referencias dos mercados a prazo con vencemento no dito período.

En vista deste contexto, a Sala de Supervisión Regulatoria da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia xa abriu un proceso de información previa con data do 10 de decembro de 2013, con obxecto de analizar os movementos inusuais nos prezos do mercado eléctrico.»

Respecto desta última mención, debe sinalarse que, con data do 11 de decembro de 2013, o secretario de Estado de Enerxía remitiu escrito ao presidente da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia en que se solicitaba unha análise dos prezos do mercado peninsular grosista ao contado de electricidade no último mes, así como o comportamento dos seus axentes.

O artigo 14.1, in fine, da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, establece que, no caso de que a poxa dun produto CESUR sexa declarada non válida, esta quedará anulada para todos os efectos e a Secretaría de Estado de Enerxía determinará que o prezo resultante dela non debe ser considerado na determinación do custo estimado dos contratos grosistas.

Por iso, e por Resolución do 20 de decembro de 2013, da Secretaría de Estado de Enerxía, determinouse que o prezo resultante da vixésimo quinta poxa CESUR convocada por Resolución do 20 de novembro de 2013, da Secretaría de Estado de Enerxía, non debe ser considerado na determinación do custo estimado dos contratos grosistas, ao ter quedado anulada para todos os efectos.

Con todo, o citado artigo 14 unicamente prevé, no seu punto 5, o procedemento que cómpre seguir no caso de que se determinase que o prezo dunha poxa CESUR para contratos en punta non sexa considerado na determinación do custo estimado dos contratos grosistas, pero non así cando, como é o caso, tal declaración afecte tanto o prezo para os contratos en punta como o prezo para os contratos en base, sen que a dita lagoa legal poida ser satisfeita coa integración analóxica ou por extensión das restantes previsións contidas na dita norma.

Evidenciada a existencia desta lagoa legal, o propio día 20 de decembro de 2013 solicitouse da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a elaboración dunha proposta para o establecemento dun procedemento que permita, atendidas as indicadas circunstancias, a determinación do prezo da electricidade a partir do 1 de xaneiro de 2014. Esta solicitude mereceu resposta o 26 de decembro de 2013, mediante proposta do Pleno da citada comisión, en que se conclúe: «Esta comisión considera que, co fin de evitar calquera impacto distorsionador no mercado retalista, se debería expor a implementación dun mecanismo transitorio que permitise evitar o efecto de non considerar válido o prezo resultante da poxa CESUR. En todo caso, este mecanismo debería resultar de aplicación no mínimo tempo posible, e só mentres non se dispoña dun procedemento definitivo que asegure a competencia e a estabilidade».

Dado que o referido prezo voluntario para o pequeno consumidor se deberá fixar necesariamente con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2014, o escaso lapso de tempo dispoñible desde a adopción da resolución da Secretaría de Estado de Enerxía e, máis aínda, desde a recepción da proposta que foi solicitada á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, fai imposible que se poida subvir á dita omisión normativa conforme os mecanismos ordinarios de elaboración de disposicións regulamentarias. Con todo iso, faise patente a imperiosa e urxente necesidade de aprobar, por medio deste real decreto lei, o mecanismo para determinar o prezo dos contratos grosistas que se utilizará como referencia para a fixación do prezo voluntario para o pequeno consumidor a partir do 1 de xaneiro de 2014 e para o primeiro trimestre deste exercicio.

Na elaboración deste real decreto lei tívose en conta o citado informe da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para o establecemento do procedemento que permita a determinación dun prezo da enerxía conforme criterios obxectivos de mercado para a súa aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2014 e durante o primeiro trimestre. Neste conclúese, así mesmo, o seguinte:

«Neste sentido, considérase que o mecanismo transitorio debería respectar, na medida do posible, a fixación de prezos prevista no mecanismo vixente na actualidade e non alterar as expectativas de coberturas dos comercializadores libres. Para iso, dado que non é posible utilizar a referencia da CESUR, cabería utilizar como referencias outros mercados a prazo onde se cotizasen os mesmos produtos poxados na CESUR, é dicir, o Q1-14 para o primeiro trimestre e o Qn-14 para trimestres sucesivos que, en todo caso, nunca deberían superar os catro trimestres.

A implementación deste último mecanismo suporía un incremento do compoñente de enerxía da TUR de entre un 2,9 % e un 1,4 % en función dos meses de negociación que se consideren para o cálculo do Q1-14, comparado co incremento do 10,9 % resultante da vixésimo quinta poxa CESUR.

Dado que os CUR non contarían con ningunha cobertura para o Q1-14, ao non se ter procedido á validación da poxa CESUR, sería necesario introducir algún sistema de cobertura alternativo que elimine calquera risco ao CUR.»

Conforme o criterio manifestado no informe, neste real decreto lei, e de forma transitoria, establécese o procedemento para a determinación do custo estimado dos contratos grosistas considerando a alternativa de utilizar como referencia de prezo outros mercados a prazo onde se cotizan os mesmos produtos poxados na CESUR e, en concreto, as referencias de prezos públicos do Operador do Mercado Ibérico a prazo (OMIP) no seis últimos meses de negociación dispoñibles para o caso do Q1-14. O motivo polo cal se opta por utilizar este período de cotización é para reducir o efecto da

volatilidade nos prezos das últimas semanas, situación considerada pola Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia como de certa singularidade e non representativa.

Por tanto, en aplicación deste mecanismo fíxase un prezo para o primeiro trimestre de 2014 de 48,48 €/MWh para o produto base e de 56,27 €/MWh para o punta. Este prezo será de aplicación para o cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor para todos os consumidores acollidos a el.

Por outra banda, respecto ao mecanismo que permita a cobertura das CUR, o referido informe propón dúas alternativas:

«– É o sistema de liquidacións quen realiza a cobertura a través do sistema de liquidacións das actividades reguladas.

– Os desvíos entre o prezo recoñecido na TUR e o prezo do mercado son recoñecidos na fixación do prezo da TUR do exercicio seguinte.»

A Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia considera que coa segunda alternativa «evítanse as desvantaxes asociadas á opción de cobertura a través do sistema», como introducir na liquidación das actividades reguladas unha distorsión que poida dar orixe a un déficit, e que o dito procedemento poida ser considerado como unha axuda de estado ás comercializadoras de referencia.

En consecuencia, establécese o mecanismo que permita a cobertura das comercializadoras de referencia, recoñecendo os desvíos entre o prezo voluntario para o pequeno consumidor e o prezo do mercado na fixación do prezo voluntario para o pequeno consumidor en período seguinte. As diferenzas de prezos, positivas ou negativas, serán incorporadas, de ser o caso, no cálculo do custo da enerxía no prezo voluntario ao pequeno consumidor do período seguinte.

Por outra banda, o distinto calendario de tramitación parlamentaria da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, e da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, fixo que ambas as normas conteñan regulacións que non resultan compatibles entre si.

Así, a disposición derradeira vixésimo novena da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, que modifica neste aspecto a regulación da disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2013, prevía a aplicación á cobertura de custos do sistema eléctrico destinado a enerxías renovables dunha cantidade equivalente da recadación correspondente ao Estado dos ingresos derivados da Lei 15/2012, do 27 de decembro, de medidas fiscais para a sustentabilidade enerxética.

No entanto, nas últimas fases da tramitación parlamentaria da Lei do sector eléctrico, introduciuse unha emenda que modificaba a mesma disposición adicional quinta e incluía expresamente a aplicación do importe total desta recadación á cobertura de custos do sector eléctrico, polo que era necesario axustar a esta última fórmula a Lei de orzamentos xerais do Estado. A necesidade e a urxencia de adoptar esta medida encóntrase en evitar que o distinto calendario de entrada en vigor de ambas as normas poida determinar que a regulación que debe prevalecer, a da Lei do sector eléctrico, se poida ver afectada na súa vixencia pola entrada en vigor o 1 de xaneiro da Lei de orzamentos xerais do Estado para 2014.

Por todo o expresado anteriormente, na adopción do conxunto de medidas que a continuación se aproban concorren as exixencias de extraordinaria e urxente necesidade requiridas polo artigo 86 da Constitución española do 27 de decembro de 1978.

Extraordinaria e urxente necesidade derivadas das razóns xa mencionadas, xunto coa necesaria protección dos intereses xerais, cuxa especial tutela está encomendada ao Goberno e cuxa vixencia inmediata é imprescindible para que poida ter eficacia a partir do 1 de xaneiro de 2014 e para o primeiro trimestre, data en que resulta preciso o establecemento do novo prezo voluntario para o pequeno consumidor, anteriormente denominado tarifa de último recurso.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución, por proposta do ministro de Industria, Enerxía e Turismo, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Determinación do custo de produción de enerxía eléctrica para considerar no prezo voluntario para o pequeno consumidor.*

Para os efectos do cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor que se aplicará durante o primeiro trimestre do ano 2014, así como para a determinación do custo de produción de enerxía eléctrica que, de acordo co disposto no artigo 17.2 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, se debe incluír no dito cálculo, observárase o disposto no capítulo IV da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica, coas seguintes particularidades:

a) A determinación do custo estimado dos contratos grosistas realizarase considerando as referencias de prezos públicos do Operador do Mercado Ibérico a prazo (OMIP) correspondentes á cotización dos contratos Q1-14 en base e en punta nos seis últimos meses de negociación dispoñibles na data de aprobación deste real decreto lei.

b) No cálculo do custo da enerxía no mercado diario CEMDp,k que se considerará no cálculo do prezo voluntario para o pequeno consumidor de acordo coa metodoloxía establecida na citada Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, tomarase o valor para o primeiro trimestre do ano 2014, en aplicación da alínea a), de 48,48 €/MWh para CCbase e de 56,27 €/MWh para CCpunta, sendo ambos os definidos no artigo 10 da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño.

Artigo 2. *Mecanismo de cobertura dos comercializadores de referencia.*

1. Aos comercializadores de referencia aplicaráselles un mecanismo de cobertura baseado na liquidación por diferenzas de prezos, por un máximo igual ás cantidades destinadas á subministración de consumidores a prezo voluntario para o pequeno consumidor durante o primeiro trimestre do ano 2014.

2. O prezo que se aplicará a cada comercializador de referencia será a media dos prezos de cada produto base ou punta de acordo coa alínea b) do artigo 1, ponderados polas cantidades de cada produto que tivese solicitado o comercializador conforme o establecido na disposición adicional cuarta.2 da Orde ITC/1659/2009, do 22 de xuño, pola que se establece o mecanismo de traspaso de clientes do mercado a tarifa á subministración de último recurso de enerxía eléctrica e o procedemento de cálculo e estrutura das tarifas de último recurso de enerxía eléctrica e destinadas á subministración a consumidores acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor.

3. A liquidación efectuarase da maneira seguinte:

a) Cando a diferenza en cada hora entre o prezo que se aplicará de acordo co punto 2 deste artigo e o prezo horario do mercado diario, ambos os prezos en €/MWh, sexa positiva, realizarase unha anotación de pagamento para o comercializador de referencia correspondente ao importe que resulte de multiplicar as cantidades solicitadas polos comercializadores de referencia, e destinadas á subministración a consumidores acollidos ao prezo voluntario para o pequeno consumidor, en cada hora pola diferenza de prezo.

b) No caso de que a diferenza de prezos resulte negativa, realizarase unha anotación de cobramento a favor do comercializador de referencia polo importe resultante do cálculo anterior.

c) Unha vez finalizado o período trimestral de aplicación deste mecanismo, realizarase un cálculo final das cantidades resultantes para cada un dos comercializadores de referencia.

d) A contía das cantidades resultantes será incorporada, de ser o caso, no cálculo do prezo voluntario ao pequeno consumidor do período seguinte. Posteriormente procederase á realización das oportunas regularizacións das cantidades correspondentes a cada comercializador de referencia.

4. Sen prexuízo das facultades de supervisión da Comisión Nacional do Mercado de Valores sobre estes produtos que deben ser liquidados por diferenzas de prezos, polo órgano encargado das liquidacións do sector eléctrico, directamente ou a través dun terceiro, realizaranse o cálculo, a xestión, liquidación, facturación e xestión de cobramentos e pagamentos dos produtos asignados.

O dito órgano deberá informar mensualmente a Secretaría de Estado de Enerxía da evolución dos saldos en cada mes. Para a realización desta función, o órgano encargado das liquidacións poderá solicitar do Operador do Mercado Ibérico de Enerxía-polo español, a Rede Eléctrica de España, como operador do sistema e aos comercializadores de referencia, toda aquela información que considere necesaria para o exercicio das funcións que se lle encomendan, co formato e nos prazos que xulgue convenientes.

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

1. Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango en canto contradigan ou se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

2. En particular, e con efectos do 1 de xaneiro de 2014, queda derogado o Real decreto 302/2011, do 4 de marzo, polo que se regula a venda de produtos que deben ser liquidados por diferenza de prezos por determinadas instalacións de réxime especial e a adquisición polos comercializadores de último recurso do sector eléctrico.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución, que lle atribúen ao Estado competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e bases do réxime enerxético e mineiro, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Facúltanse o Goberno e o ministro de Industria, Enerxía e Turismo para ditaren cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do establecido neste real decreto lei.

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014.*

A disposición derradeira vixésimo novena.un da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014, queda redactada nos seguintes termos:

«Un. Para o cálculo das achegas ao financiamento do sector eléctrico resultará de aplicación o disposto na disposición adicional quinta da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2013, segundo a redacción dada pola disposición adicional décimo sexta da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico.»

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
MARIANO RAJOY BREY